



XUNTA DE GALICIA

**Plan Galego
das Artes Escénicas**
2008-2011

Ánxela Bugallo Rodríguez

Conselleira de Cultura e Deporte

Luís Bará Torres

Director Xeral de Creación e Difusión Cultural

Miguel Martín Fernández

Xerente do IGAEM

Edita

Consellería de Cultura e Deporte
Xunta de Galicia

Comunicación

Atana, Gabinete de relacións públicas

Revisión lingüística

E.I.D. Traducciones

Deseño e maquetación

Óscar Otero / ekinocio comunicación

Imprime

Litonor Artes Gráficas, Santiago de Compostela

DL

C 1804-2008

Facendo país dende as táboas

Ánxela Bugallo

Conselleira de Cultura e Deporte

Cando en 2007 celebramos os primeiros 125 anos da dramaturxia galega, fincando tal efeméride na estrea en 1882 d'*A fonte do xuramento*, de Francisco María de la Iglesia, sinalabamos a nosa vontade de proxectar cara ao futuro todo o fondo simbolismo e valor que a dita celebración tiña no feito teatral do noso país.

Vimos dunha traxectoria teatral marcada de sempre polo seu vínculo estreito ao proxecto social e político dunha Galicia plenamente normalizada, que dende a súa propia lingua e cultura viva o seu tempo histórico e conviva co resto de pobos e culturas. A *Escola Rexional de Declamación* de Galo Salinas, o *Conservatorio Nazonal de Arte Galega* das Irmandades da Fala, o labor cultural dos homes de Nós, a actividade teatral que mantiveron os nosos emigrantes ou a refundación do noso teatro nos anos 70, dende as Mostras de Ribadavia, foron fitos fundamentais na nosa historia cultural. E hoxe contamos e celebramos a realidade diversa dun teatro profesional con xa trinta anos de historia e ao que cómpre recoñecer a súa constancia e compromiso coa creación artística e coa construción e desenvolvemento da identidade cultural do noso país.

Se difícil foi o camiño andado até hoxe, os cambios sociais e culturais que vivimos na actualidade esixen das administracións públicas o desenvolvemento de novas estratexias de apoio ás nosas artes escénicas, para garantir o seu medre e vizosidade dende a valorización e orgullo do herdo recibido. A cultura hoxe é servizo público e espazo xerador de civilidade, manifestación colectiva, aberta e dinámica da nosa identidade e tamén sector estratéxico da nosa economía. Dende a avaliación destas tres dimensións foi que se deseñou o Plan Galego das Artes Escénicas, como conxunto de medidas estruturadas sobre cinco eixes directrices: o da formación e creación artística, o da integración das artes escénicas na vida comunitaria, o das industrias culturais, o dos mercados e os públicos e o da proxección exterior. Cinco eixes dende os que queremos alicerzar a nosa política teatral, unha política teatral integral, estratéxica e concertada con todos os sectores e axentes nun proceso participativo que tivo

lugar ao longo de 2007, e que marca un fito xa non só a nivel galego, senón tamén estatal. A realidade feliz do PGAE enriqueceuse pola natureza participativa do seu deseño, pola concreción económica de cada unha das súas medidas e pola total e plural integración dos organismos, colectivos e persoas que eran imprescindíbeis na súa elaboración, comunicación e desenvolvemento. Só dende esta visión conxunta do horizonte ao que queremos chegar e dende a planificación colectiva dos pasos que se deben dar podería acadarse aquilo que xa expresamos con claridade na propia introdución do Plan: unhas artes escénicas con protagonismo na sociedade galega e con proxección e vocación universal. A Consellaría de Cultura e Deporte foi en todo momento plenamente consciente desta realidade e actuou como lle respondía, impulsando a elaboración do Plan e sendo catalizadora das vontades, achegas e experiencias acumuladas que cumpría integrar nel.

Velaquí, pois, o resultado, o camiño proxectado para a escena galega, os pasos que teremos que dar de cara ao futuro, conxunta e solidariamente. Foi motivo de orgullo sermos capaces da súa elaboración e temos agora a responsabilidade ineludíbel do seu desenvolvemento pleno. Dende aqueles ollos expectantes e inaugurais que o viron nacer no Liceo Brigantino da Coruña o 13 de agosto de 1882, a todos os que han gozar nas funcións do presente e do futuro, o teatro galego está vivo na mirada do noso pobo, mantén o pano sempre aberto e continúa a facer país dende as táboas.



O Plan Galego das Artes Escénicas, impulsado e coordinado pola Consellaría de Cultura e Deporte, é un dos alicerces do novo modelo de política cultural para Galicia. Tan diverso no seu contido como integrado na súa formulación, define un marco conxunto de actuación que fornecerá as artes escénicas de recursos e ferramentas para o seu posicionamento nun lugar preferente na realidade cultural, social e económica do país

**O Plan Galego das Artes Escénicas
é o resultado dun proceso de varios
meses de participación activa e
consenso entre os distintos axentes de
todos os estamentos públicos e privados
implicados no teatro, a danza e demais
manifestacións da escena galega**

**O Plan Galego das Artes Escénicas
é un plan de Goberno. Na súa
elaboración, orzamento e
aplicación concorren distintos
departamentos da Xunta de Galicia**

**O Plan Galego das Artes Escénicas
está dotado economicamente e
ten un prazo de vixencia: dispón
de 66 millóns de euros para as
súas accións de 2008 a 2011**

O Plan Galego de Artes Escénicas
é a folla de ruta estratéxica que guiará o
desenvolvemento da escena galega nun
camiño alternativo ao proteccionista,
que pasa polo incremento substancial
dos mecanismos de apoio ao
sector, a articulación do mercado, a
modernización do tecido produtivo
e a mellora na xestión empresarial

**O Plan Galego das Artes Escénicas
está chamado a garantir a existencia
dos espectáculos de teatro e danza
feitos en Galicia dentro dos contextos
xeográfico e cultural globais,
mediante a progresiva capitalización,
modernización e autonomía dos
seus xeitos de produción**

**O Plan Galego das Artes Escénicas
estrutúrase en cinco eixes directores:
a promoción da dimensión
sociocultural das actividades escénicas;
a consolidación e fomento dos
procesos de creación, innovación
e formación, así como a posta
en valor do patrimonio escénico
galego; a potenciación e promoción
das industrias vinculadas ás artes
escénicas en Galicia; a consolidación
do mercado; e a internacionalización
das artes escénicas galegas**

**O Plan Galego das Artes Escénicas
identifica e marca liñas de traballo
claras e concretas, con cadanseus
obxectivos e accións, cuantificadas
economicamente e deseñadas para
ser factíbeis nos prazos sinalados**

**O Plan Galego das Artes Escénicas,
pola súa xénese e características, é un
documento pioneiro e sen precedentes
en Galicia e en todo o Estado español**



Fundamentación

O inicio dunha nova etapa de goberno, a partir do verán de 2005, supuxo a apertura dun proceso de transformación caracterizado pola existencia de importantes expectativas entre o sector da cultura e o conxunto da cidadanía sobre a implantación dun novo modelo de política no ámbito cultural. Durante unha primeira fase, o Goberno galego abordou aquelas medidas de carácter máis urxente, co obxecto de dar resposta ás demandas do sector e ás situacións de necesidade máis inmediatas. A reforma da Rede Galega de Teatros e Auditorios e do conxunto das programacións de artes escénicas, a refundación da unidade de produción de danza, a implantación dun programa de apoio ao teatro afeccionado ou a nova configuración do sistema de axudas ao sector escénico foron algunhas das liñas de acción que contribuíron a facer efectiva esta primeira fase.

Porén, dende o Goberno galego considérase fundamental a posta en marcha de transformacións de carácter estrutural que permitan definir un novo modelo de política cultural para os próximos anos, facendo do mundo da cultura un referente do proceso de modernización do país. Dende a perspectiva interna, estase a promover unha reforma da Consellaría de Cultura e Deporte, coa reordenación dos ámbitos de intervención e a adecuación das estruturas administrativas á nova reali-

dade social e cultural. Dende a perspectiva externa, o Goberno galego ten o convencemento de que o sector das artes escénicas precisa do desenvolvemento dun plan estratéxico que permita definir un marco de actuación das políticas públicas de carácter integral. Fronte á situación actual, na que as políticas culturais en relación coas artes escénicas se caracterizan pola parcialidade e a dispersión, debe procurarse unha situación na que, partindo dunha perspectiva global e atendendo aos diferentes axentes implicados (creadores, produtores, distribuidores e cidadanía), á totalidade das disciplinas creativas (danza, circo, maxia, lírica e teatro, en todas as súas modalidades) e ás diferentes dimensións existentes (cidadá, económica e identitaria), o conxunto das institucións implicadas definan un marco común e integral de actuación. A implantación do Plan Galego das Artes Escénicas deberá permitir situar as artes escénicas nun lugar preferente na realidade social e cultural do país.

Aínda que a intervención en relación coas artes escénicas afecta en Galicia a todas as administracións públicas e aos diferentes departamentos da Administración autonómica, o Goberno galego entende que lle corresponde á Consellaría de Cultura e Deporte o impulso e coordinación desta iniciativa. A celebración, durante o ano 2007, dos 125 anos do teatro galego ofreceu unha

magnífica ocasión para abordar a tarefa de elaboración do Plan Galego das Artes Escénicas.

Unha perspectiva multidimensional sobre o concepto de cultura

Superadas visións de carácter unilateral, na actualidade a cultura maniféstase como un ben cunha pluralidade de dimensións que requiren unha acción política de carácter integral. A cultura é un elemento central no desenvolvemento persoal e social da comunidade, un instrumento para o reforzamento das relacións cidadás e para a integración dos grupos máis desfavorecidos; é a expresión fundamental da identidade de Galicia como pobo e é tamén un sector cada vez máis importante para o desenvolvemento económico sustentábel e para a xeración de emprego cualificado.

O enfoque multidimensional do feito cultural é actualmente de aceptación maioritaria no contexto internacional. A Convención sobre a Protección e Promoción da Diversidade das Expresións Culturais, adoptada pola Conferencia Xeral da UNESCO do 20 de outubro de 2005, que entrou en vigor o 18 de marzo de 2007, recolle a importancia da diversidade cultural como patrimonio común da humanidade que debe valorarse e preservarse e, como elemento estratéxico das políticas de desenvolvemento nacionais e internacionais, afirma que os bens e os servizos culturais presentan unha dobre natureza cultural e económica e que, polo tanto, non deben tratarse como se só tivesen un valor comercial. Ademais, defende o dereito dos países a desenvolver e realizar políticas no sector cultural.

Neste sentido, o Goberno galego aposta por converter a cultura nunha prioridade, desenvolvendo as diferentes dimensións que dela se derivan. Así, atender na súa globalidade a **dimensión cidadá** (promovendo na

educación a creatividade e o papel transformador da cultura e convertendo a cidadanía en protagonista e non só receptora pasiva), a **dimensión artística** (potenciando as políticas de fomento da creación e da formación artística), a **colectiva** e a **patrimonial** (protexendo, potenciando e poñendo en relación o noso patrimonio cultural coa creación contemporánea) e a **económica** (solucionando o infrafinanciamento crónico das nosas empresas culturais, aproveitando o cambio dixital, promovendo a nosa capacidade de descuberta, apoio e atracción de talentos e investimentos e traballando na consecución dos obxectivos de crecemento económico e xeración de emprego cualificado) é un reto que as políticas culturais públicas do Goberno galego teñen que afrontar para potenciar e garantir a nosa existencia como cultura diferenciada no contexto global.

O acceso á cultura como elemento central do sistema de benestar

O contorno social e cultural en que se desenvolve a actividade escénica contemporánea é produto das transformacións sociais, culturais e económicas dos últimos cen anos. Dende a caída do antigo réxime, a mellora das condicións de vida, a elevación dos niveis educativos e o xurdimento dunha burguesía comercial e industrial urbana propiciaron un incremento continuado dos consumos culturais. Pero non é até finais do século XIX e inicios do XX cando, coa introdución da prensa, a radio e o cine, este proceso de progresiva extensión do acceso á cultura, entendida como produción artística especializada, comeza a alcanzar nas sociedades occidentais a unha maioría da poboación. A partir dos anos cincuenta e sesenta, coa aparición da televisión como principal medio de difusión cultural, implántase a denominada cultura de masas, cun marcado predominio da cultura anglosaxona. A cultura de masas supón o paso ao primeiro plano dunha cultura industrializada, que despraza

e transforma tanto a produción artística especializada como a cultura popular de base agraria.

O século XX é tamén o da implantación dos estados do benestar e o do nacemento das políticas culturais, entendidas como a acción sistemática dos gobernos para potenciar o acceso á cultura do conxunto da poboación. A creación do Ministerio de Cultura francés, no ano 1959, é un momento clave neste proceso. A política cultural configúrase inicialmente baixo os parámetros da denominada *democratización cultural*. A partir deste paradigma, os estados occidentais van desenvolver unha política dirixida a estender o consumo dos produtos artísticos dende as minorías ilustradas até sectores cada vez máis amplos da poboación. Un instrumento básico desta política será a dotación de equipamentos culturais no conxunto do territorio. A crise de maio de 1968 marca unha transición no modelo e o nacemento dunha nova concepción das políticas culturais. Fronte á política de democratización cultural, que asignaba un papel pasivo á cidadanía e centraba o seu interese na produción artística especializada, xorde a denominada política de *democracia cultural*, que centra o seu interese na activación da participación da cidadanía e recoñece a importancia das manifestacións culturais populares e alternativas. As estratexias de difusión cultural son substituídas polas de animación sociocultural e as políticas culturais establecen vínculos estreitos co conxunto das políticas sociais.

En España, o desenvolvemento do proceso de implantación das políticas culturais viuse condicionado polo marco político da ditadura franquista, que atrasou a implantación do estado do benestar e limitou a libre expresión da pluralidade cultural do Estado. Como consecuencia, non é senón a partir da transición política cando se afrontará de forma acelerada, nun período de vinte anos, o proceso de dotación de equipamentos e posta en marcha de servizos sociocomunitarios a prol da

ciudadanía, que noutros estados europeos se desenvolveu dende os anos 50. Este proceso de transformación acelerada das estruturas de benestar estivo acompañado pola transición dende un modelo de estado centralizado a outro de carácter descentralizado.

Se durante case 30 anos as políticas culturais impulsadas en Europa se desenvolveron entre dous polos contrapostos, hoxe en día a dicotomía entre democratización e democracia cultural deixou de ter sentido. A *democratización cultural* e a *democracia cultural* non poden ser entendidas nin como políticas opostas, nin tan sequera como alternativas, senón que se configuran como dúas liñas de actuación de carácter complementario dentro do marco de actuación dos poderes públicos. A difusión e o acercamento ao conxunto dos cidadáns da produción escénica é un elemento democratizador que contribúe á mellora do benestar da cidadanía. Pola súa banda, o apoio e impulso da súa capacidade creativa e a aplicación das técnicas escénicas para o desenvolvemento comunitario son instrumentos que procuran unha sociedade máis activa, dinámica, integrada e solidaria.

A cultura como expresión da nosa identidade

Aínda que as transformacións sociais e culturais vividas ao longo do século XX supuxeron grandes avances, xa que lle facilitaron o acceso á cultura a gran parte da poboación do mundo occidental, potenciaron o intercambio e multiplicaron a oferta cultural ao alcance da cidadanía, tamén comportaron efectos negativos. A internacionalización do intercambio cultural, nun escenario con fortes desigualdades políticas e económicas, tivo un importante efecto uniformador, que se manifestou como unha ameaza para a diversidade cultural. Na medida en que os medios de comunicación de masas substitúen as institucións sociais tradicionais

-a familia e a comunidade local, por exemplo- como instrumentos de socialización, o sistema de referentes difundido dende os grandes centros económicos e políticos ten un carácter invasivo fronte ás manifestacións culturais propias dos diferentes pobos e territorios. É neste contexto no que xorden as teses da *excepcionalidade cultural* que, fronte ás teorías do libre mercado, defenden o valor singular dos bens culturais e a necesidade de adoptar medidas proteccionistas que garantan o mantemento da diversidade cultural.

En Galicia, a ameaza á identidade cultural propia viuse acrecentada por dous factores adicionais: o feito de constituír unha sociedade sen Estado propio e cunha lingua minorizada e a situación de persecución da lingua e da cultura galegas vivida ao longo dos 40 anos de ditadura franquista. Fronte a esta situación de desequilibrio lingüístico e cultural, a traxectoria da dramaturxia e da produción escénica galega estivo estreitamente vinculada dende o seu nacemento á loita da nosa lingua por recuperar espazos públicos e á construción dunha conciencia nacional.

Así, coa aparición dos movementos sociais e políticos que toman consciencia, basicamente do XIX en diante, da nosa cultura e identidade, xorden tamén da súa man a literatura dramática e o teatro en galego. Deste xeito, a *Escola Rexional de Declamación* de Galo Salinas, o *Conservatorio Nazonal de Arte Galega* das Irmandades da Fala, o incansábel labor normalizador e europeísta dos homes de Nós ou a actividade teatral que mantiveron os nosos emigrantes e exiliados foron fitos na nosa historia cultural.

Coa fin da ditadura franquista e a chegada da transición política ábrese o momento de refundación do teatro galego contemporáneo, materializada na creación da Asociación Cultural Abrente e na organización a partir de 1973 do Concurso de Textos Teatrais

e da Mostra de Teatro de Ribadavia, que vai apoiar o labor de normalización co seu compromiso activo coa realidade social, cultural e económica de Galicia. Dramaturgos como Euloxio Ruibal, Manuel Lourenzo e Roberto Vidal Bolaño mostran como a creación artística, sen renunciar á innovación e ao intercambio co noso contorno e con outras culturas, é un instrumento fundamental na construción e desenvolvemento da identidade cultural dun país.

Será tamén neste momento, coa constitución do Goberno galego, cando os poderes públicos teñan por vez primeira a posibilidade de afrontar a tarefa de normalización cultural de todos os ámbitos da vida comunitaria. Porén, daquela altura até hoxe -e é xusto que sexa así recoñecido- foron en xeral a propia sociedade organizada e os distintos sectores da cultura galega os que impulsaron os procesos de recuperación e dignificación da nosa lingua e cultura e de fomento da creación e difusión artística e cultural.

Pola súa banda, hoxe en día o proceso de globalización que vivimos obríganos a asumir e tentar resolver a prol dos nosos intereses a contradición existente entre as identidades locais e o sistema cultural global. Nun contexto internacional dominado pola tendencia á homoxeneización cultural que impoñen os centros de poder económico e político e os seus sistemas culturais e ideolóxicos, e que se manifesta principalmente na redución da cultura á produción de mercadorías para o consumo masivo, a capacidade dunha cultura como a galega -pequena en termos cuantitativos e minorizada en termos cualitativos- para xerar e manter un discurso propio e diferenciado e competir como tal nese espazo de mercado global é certamente pequena. Porén, cremos que hoxe en día, no tránsito do local ao global, calquera estratexia baseada no freo dos fluxos de coñecemento e de creación, alén de non ser desexábel, está condenada ao fracaso. En consecuencia, o carácter

minoritario da nosa lingua no contexto global e o feito de sermos unha sociedade sen Estado propio obrigan ao conxunto das administracións públicas a exercer un papel activo na promoción da cultura galega. É preciso fixar un marco estábel de apoio á cultura, non dende unha perspectiva proteccionista, senón coa ambición de habilitar os nosos axentes culturais para se posicionaren con forza no sistema cultural global.

A produción cultural como sector económico estratéxico

Se até finais do século XIX a produción cultural tiña carácter artesanal e unha íntima vinculación co creador como persoa individual, a partir do século XX pasa a incorporar procesos propios da produción industrial que progresivamente van adquirindo un maior peso ao tempo que, nalgúnhas das manifestacións artísticas, configuran a creación como un proceso colectivo. A aparición da produción industrial implica, neste primeiro momento de transformación, o predominio da produción en masa e das economías de escala como factores de competitividade. Isto provoca unha perda de peso relativo dos sectores de carácter artesanal, intensivos en man de obra e con custos de explotación crecentes, como o das artes escénicas, fronte aos sectores emerxentes.

Dende finais do século XX este marco económico está a mudar. Fenómenos como a dixitalización e a globalización están a provocar unha intensificación da competencia, unha ampliación do tamaño dos mercados e a configuración dun contorno dinámico e cambiante, que obriga ás empresas a unha continua adaptación ás transformacións culturais, sociais e tecnolóxicas. Fronte á produción en masa e das economías de escala como estratexias competitivas e o tamaño da organización como unha vantaxe competitiva, no ambiente actual as

estratexias competitivas baséanse na diferenciación e a vantaxe competitiva fundaméntase na adaptabilidade e flexibilidade. Se hai trinta anos a diferenza era unha debilidade, hoxe en día pasou a ser unha oportunidade.

En Galicia o sector das artes escénicas está caracterizado, como na maior parte do territorio do Estado, por unha situación de debilidade, cun tecido empresarial fragmentado e insuficientemente capitalizado. O potencial económico e de xeración de emprego vese coutado pola insuficiencia dos recursos, polo baixo nivel de profesionalización das súas estruturas e pola escasa orientación aos mercados exteriores. Como consecuencia, o emprego xerado é de baixa calidade e o crecemento empresarial, limitado. O principal factor restritivo desta falla de desenvolvemento é a escasa presenza social do teatro e da danza dentro do mercado da oferta cultural e de lecer. Así, a produción de espectáculos de artes escénicas enfróntase cun mercado ríxido e cativo e as empresas de artes escénicas vense abocadas a unha dependencia excesiva das axudas públicas. Con frecuencia, as políticas de fomento da oferta, lonxe de reconducir esta situación, provocan un estrangulamento dos mercados.

O Goberno galego debe establecer como un dos seus obxectivos centrais a promoción da creación dunha industria cultural dinámica e innovadora no sector das artes escénicas. Para acadar este obxectivo, ademais do incremento substancial dos recursos de apoio ao sector, considérase fundamental a articulación do mercado e a modernización do tecido produtivo mediante a mellora na xestión empresarial. A finalidade das políticas de apoio ás industrias culturais é a transformación da situación de debilidade conxuntural na procura dun tecido empresarial forte, dun mercado escénico normalizado e dunha estrutura cultural produtiva dinámica, competitiva e innovadora. Por tanto, a estratexia para enfrontar a actual situación de debi-

lidade non pasa por un maior proteccionismo público, senón polo fortalecemento e potenciación dos instrumentos de apoio ao sector, para posibilitar a súa capitalización, modernización e autonomía.



Os fundamentos da política cultural do Goberno galego e a diagnose da situación das artes escénicas lévannos a propoñer a seguinte misión de partida: situar as artes escénicas como un sector de referencia para a sociedade galega nas súas dimensións tanto económica como cultural.

E para iso, é preciso entender que as artes escénicas son unha das manifestacións culturais máis importantes do conxunto do noso país, e como tal constitúese como un elemento central da nosa cultura e identidade. Ademais, esta actividade ten un importante valor económico que debe de ser reforzado a través da aposta pola consolidación e mellora da súa estrutura económica.

Dende estas consideracións de partida, o Plan Galego das Artes Escénicas ten os seguintes eixes directrices:

1. Promover a dimensión sociocultural das actividades escénicas.
2. Consolidar e fomentar os procesos de creación, innovación e formación e poñer en valor o patrimonio escénico galego.
3. Potenciar e promover as industrias vinculadas ás artes escénicas en Galicia.
4. Consolidar o mercado das artes escénicas.
5. Promover a internacionalización das artes escénicas galegas.



Eixes estratéxicos

Eixe 1: Promover a dimensión sociocultural das actividades escénicas

Consolidar o papel cultural das artes escénicas no conxunto da sociedade a través da formación e da participación activa da cidadanía, nas súas vertentes de protagonista e receptora da actividade teatral.

Liña 1. Promover e potenciar as funcións de cohesión sociocomunitaria das artes escénicas en Galicia

Obxectivos:

- Potenciar o traballo asociativo en rede vinculado coa actividade escénica nas comunidades locais.
- Potenciar as canles de comunicación e de participación da cidadanía no feito escénico nas súas comunidades.
- Potenciar a colaboración e comunicación entre a actividade profesional e a afeccionada.

Accións:

1. Poñer en marcha un programa sociocultural que fomente a participación activa e a experiencia vivencial da cidadanía coas artes escénicas, cunha perspectiva comarcal de traballo en rede e en colaboración coas administracións locais, escolas de teatro e danza e entidades culturais e veciñais.
2. Apoiar e fomentar a práctica do teatro afeccionado a través de medidas formativas e a dotación de recursos para a exhibición dos seus espectáculos.

3. Apoiar a produción e exhibición de representacións de danza tradicional, contribuíndo á súa difusión e posta en valor.

Liña 2. Potenciar a presenza das artes escénicas no sistema educativo

Obxectivos:

- Fomentar o emprego das técnicas propias das artes escénicas no ámbito educativo.
- Potenciar a incorporación dos colectivos infantís e xuvenís ao mundo das artes escénicas.
- Promover a práctica escénica entre a comunidade universitaria.

Accións:

1. Apoiar o papel da Escola Superior de Arte Dramática como entidade coordinadora das accións formativas no ámbito escénico, con especial atención ás desenvolvidas no ensino regulado.
2. Potenciar a aprendizaxe en artes escénicas no ensino infantil, en educación primaria, secundaria e formación profesional a través da súa inclusión

no currículo escolar e a súa presenza nas actividades extraescolares.

3. Potenciar a formación permanente do profesorado en artes escénicas.
4. Promover os obradoiros de creación escénica das universidades, así como os festivais e circuítos de exhibición.

Liña 3. Consolidar un modelo de vertebración territorial dos centros e recursos públicos destinados ás artes escénicas

Obxectivos:

- Racionalizar o conxunto de espazos e recursos escénicos públicos destinados ao conxunto da cidadanía.
- Incrementar a cobertura territorial da rede de espazos escénicos.
- Estabelecer sistemas de coordinación entre os diversos axentes territoriais para vertebrar a rede de espazos e recursos escénicos.
- Fomentar a calidade da rede, pola excelencia das dotacións e dos recursos humanos.

Accións:

1. Sistematizar, inventariar e racionalizar o mapa de infraestruturas culturais públicas, técnicas, materiais e humanas, promovendo a comarcalización.
2. Potenciar a liña de subvencións para a mellora das infraestruturas e dotacións técnicas dos espazos escénicos, primando a implicación económica e a corresponsabilidade das administracións públicas.
3. Definir os perfís profesionais do persoal responsable da xestión cultural e a animación escénica e

promover a homologación das estruturas técnicas das administracións públicas.

4. Deseñar e executar plans formativos de xestión cultural e animación escénica para os técnicos culturais dos concellos enfocados á mellora da súa cualificación e da súa capacidade de dinamización dos seus contextos locais.

Liña 4. Facilitar o acceso do conxunto da cidadanía á oferta de programacións de artes escénicas

Obxectivos:

- Aumentar o grao de recepción por parte da cidadanía das programacións de artes escénicas a través do acceso a novos sectores de poboación.
- Incrementar a accesibilidade física e funcional de toda a poboación á rede de espazos escénicos.

Accións:

1. Impulsar os plans de mellora da accesibilidade física e funcional dos espazos e recursos escénicos para toda a cidadanía, con especial atención á eliminación de barreiras arquitectónicas, á reserva de espazos non discriminatorios para persoas con cadeiras de rodas e aos recursos técnicos e humanos de apoio para persoas con discapacidade auditiva ou visual.
2. Impulsar os servizos e programas de apoio para o acceso á oferta escénica dos menores tutelados e das persoas con cargas familiares.
3. Definir e implantar un protocolo de atención á infancia e de respecto dos dereitos dos menores nas programacións de artes escénicas de promoción pública.

Eixe 2: Consolidar e fomentar os procesos de creación, innovación e formación e poñer en valor o patrimonio escénico galego

Promover os procesos de creación e innovación artística das artes escénicas a través do aumento dos intercambios coas novas tendencias culturais internacionais, o incremento do número e coordinación dos axentes e recursos implicados, a valorización do noso acervo cultural común e a mellora da cualificación artística.

Liña 1. Potenciar as estruturas, recursos e redes organizativas de apoio á creación e innovación

Obxectivos:

- Estabelecer os espazos e recursos precisos para o desenvolvemento dos procesos de creación e innovación.
- Potenciar as organizacións e grupos informais de apoio á creación e á innovación existentes en Galicia.
- Fomentar a cooperación e o traballo en rede entre os creadores, as empresas, os centros de formación e as administracións públicas no ámbito da creación e a innovación nas artes escénicas.
- Impulsar a proxección da creación no sector das artes escénicas e no conxunto da sociedade.
- Aumentar a capacidade creativa das iniciativas públicas e privadas en materia escénica.
- Incorporar a innovación e as novas tecnoloxías na creación e nos procesos de produción no mundo escénico.

Accións:

1. Definir a figura dos núcleos de apoio á creación e dos centros e/ou entidades asociados como instrumentos de xestión e impulso dos programas de apoio á creación e á innovación.

2. Estabelecer un servizo de apoio aos procesos creativos que conteña unha descrición dos espazos accesíbeis, os sistemas de apoio técnico e económico para o desenvolvemento dos procesos de creación, produción e distribución, a formación en disciplinas emerxentes nas artes escénicas e a realización de residencias artísticas e obradoiros que fomenten o intercambio e traballo conxunto con creadores de contrastada experiencia e doutras disciplinas artísticas.
3. Crear un centro de xestión de recursos técnicos e artísticos dirixidos preferentemente ao apoio das unidades de produción, facilitando a súa accesibilidade por medio de soportes tecnolóxicos.
4. Deseñar un sistema de bolsas para a creación destinado a estadias en centros de recoñecido prestixio.
5. Potenciar as liñas de coprodución e de residencias temporais para compañías privadas para a realización de espectáculos cun maior valor engadido, fomentando os mecanismos de coprodución coa entrada de financiamento privado, con especial atención á innovación escénica.
6. Definir criterios de apoio á xente nova no conxunto dos programas e servizos de fomento da creación.

7. Estabelecer convocatorias de premios para a creación escénica e poñer en práctica incentivos para a súa posta en escena.
8. Definir unha liña de apoio aos proxectos de investigación e desenvolvemento promovidos polas empresas de artes escénicas en cooperación cos centros de formación e as administracións públicas.
9. Apoiar a innovación tecnolóxica no deseño e produción de espectáculos escénicos, a través da participación de entidades e empresas que traballen neste campo e mediante o apoio reforzado nas liñas de axudas e subvencións á actividade escénica.

Liña 2. Poñer en valor o patrimonio escénico galego

Obxectivos:

- Sistematizar o patrimonio escénico galego e enfocalo cara á creación e produción.
- Fomentar a accesibilidade da comunidade escénica ao patrimonio material e inmaterial.
- Estabelecer liñas de revalorización do patrimonio a través da súa vinculación coas fases de creación e produción das artes escénicas.

Accións:

1. Compilar e catalogar o patrimonio escénico galego distribuído en distintos arquivos e centros de documentación públicos e privados, facilitando a súa accesibilidade por medio de soportes tecnolóxicos.
2. Apoiar a edición de textos da dramaturxia galega e a tradución de textos da dramaturxia universal.

3. Desenvolver unha exposición permanente sobre o patrimonio escénico galego.
4. Apoiar a recuperación, produción e exhibición de representacións escénicas da cultura tradicional nas propias comunidades locais de orixe.

Liña 3. Apoiar os procesos de formación artística dos profesionais e axentes do sector das artes escénicas

Obxectivos:

- Mellorar o perfil técnico e artístico dos profesionais das artes escénicas.
- Consolidar o papel dos centros públicos de formación regulada como canles ordinarias da formación dos profesionais das artes escénicas.

Accións:

1. Constituír un órgano colexiado de apoio á planificación e coordinación das políticas de formación, coa participación dos principais axentes do sector.
2. Elaborar un mapa de centros e recursos de formación no ámbito das ensinanzas artísticas vinculados ao sector escénico e potenciar a súa utilidade de cara ao conxunto dos axentes implicados.
3. Estabelecer liñas de apoio aos centros de formación privados de ensinanzas artísticas, conforme criterios de excelencia educativa e equilibrio territorial.
4. Estabelecer sistemas de bolsas de prácticas en empresas e unidades de produción vinculadas aos centros educativos e socioeducativos que faciliten a transición entre o ensino e o mercado laboral.

Eixe 3: Potenciar e promover as industrias vinculadas ás artes escénicas en Galicia

Promover a formación dun tecido produtivo forte, caracterizado pola súa calidade artística, capacidade produtiva, innovación e competitividade.

Liña 1. Potenciar e consolidar a capacidade produtiva das empresas de artes escénicas

Obxectivos:

- Incrementar os ingresos globais das empresas galegas de artes escénicas.
- Aumentar a autonomía das empresas do sector en relación ás axudas directas percibidas.
- Incrementar os niveis globais e medios de emprego das empresas galegas de artes escénicas.
- Potenciar a orientación das empresas cara ao mercado global.
- Incrementar as taxas de retorno da produción e distribución de espectáculos de artes escénicas.

Accións:

1. Incrementar as dotacións en axudas directas ao sector das artes escénicas con taxas interanuais do 20%, até triplicar as dotacións correspondentes ao exercicio 2005.
2. Introducir na xestión das axudas e subvencións mecanismos que contribúan á estabilidade empresarial e do emprego no sector (axudas bianuais e trianuais). Establecer criterios de selección dos proxectos sub-

vencionados que primen as estruturas empresariais consolidadas, especialmente no relativo ao cadro de persoal, os niveis e ámbitos territoriais de distribución e as accións innovadoras de captación de públicos.

3. Promover as experiencias de residencias estábais de empresas de artes escénicas, como fórmulas de asociación a un espazo escénico de produción e distribución preferente.
4. Poñer a disposición das empresas do sector liñas complementarias de apoio aos grandes proxectos de produción de espectáculos, por medio de fórmulas de coprodución e axudas reintegrábeis.
5. Facilitar o acceso das empresas do sector ao crédito bancario, a través de liñas de financiamento do circulante, investimentos en activos fixos e produción de espectáculos.
6. Fomentar o patrocinio das empresas privadas no financiamento de proxectos de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas.
7. Promover a transparencia, a calidade e o aproveitamento das novas tecnoloxías na xestión das axudas públicas dirixidas ao sector das artes escénicas.

Liña 2. Apoiar os procesos de modernización das empresas e de mellora da xestión, con especial atención ás novas tecnoloxías

Obxectivos:

- Fomentar a introdución das novas tecnoloxías na produción de espectáculos de artes escénicas.
- Promover a implantación de boas prácticas e a mellora dos procesos de produción.
- Mellorar a xestión empresarial e procurar a orientación ao cliente das empresas do sector.
- Incrementar o nivel de cualificación profesional dos traballadores do sector.

Accións:

1. Mellorar a cualificación e acreditación profesional dos traballadores do sector das artes escénicas, empregando, entre outros recursos, a formación profesional continua nos ámbitos técnico e artístico.
2. Desenvolver programas de formación empresarial e plans de tutoría individualizada para a mellora da xestión.
3. Deseñar un plan de axudas individuais para a realización de accións formativas especializadas no exterior.
4. Fomentar a adopción de sistemas homologados de xestión de calidade (ISO), primando a introdución de análises de mercados e ferramentas tecnolóxicas que permitan a mellora da cualificación da xerencia das empresas.
5. Apoiar e asesorar na apertura de novas liñas de actividade para as empresas do sector en áreas como a animación sociocultural, a intervención social, o turismo ou o tempo de lecer.

Liña 3. Mellorar a situación laboral dos profesionais das artes escénicas

Obxectivos:

- Promover a estabilidade laboral dos traballadores do sector.
- Mellorar os niveis salariais de protección social.
- Fomentar a transparencia nos sistemas de contratación.
- Incentivar a contratación de colectivos vulnerábeis e/ou en risco de exclusión.
- Mellorar os niveis de prevención de riscos laborais.

Accións:

1. Promover a regulación, mediante convenio colectivo, das condicións de traballo e dos niveis salariais mínimos para os traballadores do sector.
2. Fomentar as boas prácticas en relación coa contratación e a estabilidade no emprego, fomentando a contratación laboral ordinaria.
3. Deseñar e implantar un plan de prevención de riscos laborais para o sector.
4. Definir un catálogo de normas básicas que garantan a publicidade, concorrência e igualdade de oportunidades na selección de persoal por parte das entidades financiadas con fondos públicos.
5. Estabelecer medidas de apoio á incorporación da muller, da xente nova, das persoas con discapacidade, dos menores tutelados e dos colectivos en risco de exclusión social á dirección de espectáculos ou á participación nos elencos técnicos e artísticos por medio dos baremos das axudas á actividade escénica.

Liña 4. Promover a vertebración do sector, apoiando o asociacionismo profesional, a cooperación entre os axentes produtivos e o diálogo coa Administración

Obxectivos:

- Promover a participación dos diferentes axentes do sector na actividade asociativa.
- Fomentar e consolidar o tecido asociativo do sector.
- Potenciar os espazos de diálogo e comunicación entre as asociacións representativas do sector e as administracións públicas.

Accións:

1. Incrementar progresivamente as dotacións das axudas e subvencións para o asociacionismo profesional.
2. Facilitarlles ás asociacións do sector o acceso a dotacións de infraestruturas, especialmente no referente a locais e servizos básicos.
3. Promover os espazos de debate e participación dos axentes do sector mediante a celebración de xornadas temáticas e outros foros.
4. Potenciar os instrumentos de comunicación como o boletín *e-scena* e a páxina web, así como outros como a medición da satisfacción dos clientes e as caixas telemáticas de suxestións, queixas e reclamacións.
5. Favorecer a comunicación e colaboración entre os axentes públicos e sectoriais á hora da toma de decisións polos organismos públicos competentes no deseño e planificación das accións públicas dirixidas ás artes escénicas.

Eixe 4: Consolidar o mercado das artes escénicas

Potenciar o mercado interior das artes escénicas, ampliando os públicos, incrementando os niveis de asistencia e o volume global de negocio e a presenza da produción escénica das empresas galegas.

Liña 1. Consolidar e coordinar as programacións de artes escénicas das entidades públicas e privadas

Obxectivos:

- Incrementar os niveis de público, facturación e a taxa de retorno das compañías e os espazos escénicos de titularidade pública das redes promovidas pola Administración autonómica.
- Potenciar a rede de espazos escénicos de titularidade privada en canto a número de espazos escénicos, asistencia de público, facturación e taxas de retorno.
- Promover unha maior presenza da produción escénica das compañías galegas nas programacións dos espazos escénicos de titularidade das fundacións privadas.

Accións:

1. Coordinar os distintos tipos de programacións ofertadas polos axentes públicos combinando os criterios de servizo público e racionalidade económica.
2. Incrementar as dotacións económicas para programacións de artes escénicas até duplicar as dotacións correspondentes ao exercicio 2005.

3. Desenvolver unha liña de apoio e subvencións ás mostras e festivais de artes escénicas galegas, orientada á súa mellora organizativa e promoción social, primando a inclusión do conxunto da cidadanía e diversificación.
4. Introducir na xestión das programacións mecanismos que contribúan a elevar os niveis de contratación por espectáculo (límites de contratación), a permanencia en praza (descontos por segundas e terceiras funcións) e a progresiva adecuación dos prezos de entrada.
5. Promover a mellora da xestión e da articulación e coordinación da Rede Galega de Teatros e Auditorios e potenciar a súa imaxe pública como rede de espazos escénicos con programacións de calidade.
6. Promover a estabilidade e consolidación das salas de teatro de titularidade privada e fomentar a súa creación mediante axudas e subvencións directas e mediante a potenciación das súas programacións de espectáculos de artes escénicas.
7. Estabelecer convenios e acordos de colaboración coas fundacións privadas para potenciar a inclusión de espectáculos de empresas galegas nas súas programacións.

Liña 2. Aumentar a extensión e profundidade dos consumos culturais

Obxectivos:

- Incrementar o volume total do público dos espectáculos de artes escénicas, abrindo o consumo a novos sectores de poboación, con especial atención á mocidade.
- Aumentar os niveis de asistencia a espectáculos de artes escénicas da poboación, promovendo a fidelidade dos públicos.
- Potenciar a imaxe pública e a presenza social das artes escénicas.
- Fomentar a imaxe de calidade e o coñecemento social da produción escénica galega.

Accións:

1. Potenciar a imaxe da rede pública de espazos escénicos con programacións de calidade.
2. Promover a accesibilidade da oferta pública de artes escénicas mediante a potenciación dos soportes de información e difusión en formato gráfico e web, o desenvolvemento de fórmulas innovadoras de comunicación social e da potenciación da presenza da información nos medios de comunicación social e sistemas de mercadotecnia personalizada.
3. Diseñar e implantar un protocolo de comunicación e publicidade que regule os procedementos básicos de difusión social que deben ser desenvolvidos polas entidades titulares de teatros e auditorios nas programacións promovidas pola Administración autonómica.
4. Promover a implantación de sistemas telemáticos de venda de entradas nas programacións promovidas polas administracións públicas.

5. Garantir a presenza das artes escénicas con continuidade na programación dos medios de comunicación de titularidade pública, con especial atención á incorporación á axenda informativa.

6. Desenvolver e poñer a disposición do sector estudos sobre perfís de públicos, pautas de consumo e públicos potenciais.

7. Impulsar a figura dos teatros asociados ao Centro Dramático Galego, como instrumento para promover unha mellor difusión das súas producións.

Liña 3. Promover a eficiencia e transparencia dos mercados profesionais das artes escénicas

Obxectivos:

- Potenciar a transparencia dos mercados profesionais das artes escénicas.
- Mellorar a eficiencia dos mercados profesionais mediante o aproveitamento das vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías.
- Vincular os procesos de contratación coas lóxicas de mercado e da captación e satisfacción dos públicos.

Accións:

1. Recoller e publicar a sistemática dos niveis de asistencia de públicos, de ingresos por recadación e de satisfacción de públicos das diferentes empresas, espectáculos e espazos escénicos.
2. Diseñar e implantar instrumentos telemáticos para a intermediación na contratación de espectáculos de artes escénicas e o intercambio de información.

3. Potenciar a Feira Galega das Artes Escénicas como mercado profesional das artes escénicas, vinculado ao calendario de produción e distribución das compañías.
4. Diseñar soportes gráficos e audiovisuais de difusión dos espectáculos de artes escénicas (catálogos de oferta anual de producións).

Eixe 5: Promover a internacionalización das artes escénicas galegas

Situar o sector das artes escénicas como un dos referentes para a proxección e difusión da cultura e identidade galegas no exterior.

Liña 1. Promover a presenza exterior das artes escénicas, como expresión da cultura e identidade galegas

Obxectivos:

- Fomentar a presenza exterior da cultura galega a través do posicionamento internacional das artes escénicas.
- Promover a presenza activa das artes escénicas galegas na vida cultural do conxunto do Estado, da Comunidade Europea e dos países de Iberoamérica.
- Fixar canles estábeis de cooperación e intercambio cultural cos países da área lusófona.

Accións:

1. Garantir a presenza institucional das artes escénicas galegas nos principais festivais e encontros estatais e internacionais.
2. Promover programacións panorámicas das artes escénicas galegas nas principais cidades do Estado e Europa.
3. Postular un dos espazos da Cidade da Cultura como referente na exhibición da produción e coprodución pública de artes escénicas.

Liña 2. Apoiar a presenza do sector escénico nos mercados exteriores

Obxectivos:

- Incrementar o acceso da produción escénica galega aos mercados estatais e internacionais.
- Promover o fortalecemento e a consolidación das canles de distribución exterior da produción escénica galega.
- Potenciar a cooperación empresarial nas estratexias de distribución exterior.

Accións:

1. Potenciar as axudas á distribución exterior, cubrindo a totalidade dos gastos de desprazamento e manutención para a realización de xiras e a participación en mercados de distribución.
2. Estabelecer unha liña de axudas para a tradución e adaptación da produción escénica galega a outras linguas.
3. Promover a figura dos teatros asociados á Rede Galega de Teatros e Auditorios, como espazos escénicos do Estado e do norte de Portugal con progra-

mación estábel de producións de artes escénicas galegas.

4. Diseñar e implantar unha imaxe de marca para a produción escénica galega dirixida á súa visibilidade exterior.
5. Potenciar o papel da Feira Galega das Artes Escénicas como mercado de contratación de espectáculos para a súa distribución exterior. Estabelecer incentivos de apoio á presenza en Galicia de críticos e prescritores do exterior.

3. Apoiar e asesorar no desenvolvemento de programas cofinanciados pola Comisión Europea.

4. Organizar foros e encontros técnicos e empresariais de carácter estatal e internacional.

Liña 3. Apoiar os procesos de colaboración entre empresas galegas e do resto do Estado e internacionais

Obxectivos:

- Incrementar e potenciar a rede de relacións das empresas galegas no exterior.
- Fomentar a innovación e a mellora mediante o apoio ás estratexias de prospección e análises comparativas de mercados externos.
- Promover a internacionalización das empresas galegas de artes escénicas mediante o apoio ao establecemento de alianzas externas.

Accións:

1. Promover a participación de técnicos e profesionais de referencia do resto do Estado e do estranxeiro na produción pública.
2. Impulsar a coprodución internacional nas unidades de produción pública, con especial atención á cooperación con axentes públicos e privados de Iberoamérica e de países de fala portuguesa.



Dotación económica

	2008	2009	2010	2011	Total
Eixe 1 Promover a dimensión sociocultural das actividades escénicas	2.266.500	2.954.000	3.708.500	4.371.000	13.300.000
Eixe 2 Consolidar e fomentar os procesos de creación, innovación e formación e poñer en valor o patrimonio escénico galego	502.000	763.000	1.051.000	1.426.000	3.742.000
Eixe 3 Potenciar e promover as industrias vinculadas ás artes escénicas en Galicia	1.849.000	2.623.000	3.049.500	3.549.500	11.071.000
Eixe 4 Consolidar o mercado das artes escénicas	5.171.000	5.549.000	5.919.000	6.413.000	23.052.000
Eixe 5 Promover a internacionalización das artes escénicas galegas	3.012.000	3.435.000	3.862.000	4.292.000	14.601.000
Total	12.800.500	15.324.000	17.590.000	20.051.500	65.766.000

Eixe 1: Promover a dimensión sociocultural das actividades escénicas

	2008	2009	2010	2011	Total
Liña 1 Promover e potenciar as funcións de cohesión sociocomunitaria das artes escénicas en Galicia	1.260.000	1.770.000	2.360.000	2.860.000	8.250.000
Liña 2 Potenciar a presenza das artes escénicas no sistema educativo	262.000	326.000	360.000	391.000	1.339.000
Liña 3 Consolidar un modelo de vertebración territorial dos centros e recursos públicos destinados ás artes escénicas	662.000	675.000	690.000	730.000	2.757.000
Liña 4 Facilitar o acceso do conxunto da cidadanía á oferta de programacións de artes escénicas	82.500	183.000	298.500	390.000	954.000
Total	2.266.500	2.954.000	3.708.500	4.371.000	13.300.000

Eixe 2: Consolidar e fomentar os procesos de creación, innovación e formación e poñer en valor o patrimonio escénico galego

	2008	2009	2010	2011	Total
Liña 1 Potenciar as estruturas, recursos e redes organizativas de apoio á creación e innovación	278.000	553.000	718.000	1.058.000	2.607.000
Liña 2 Poñer en valor o patrimonio escénico galego	194.000	210.000	288.000	288.000	980.000
Liña 3 Apoiar os procesos de formación artística dos profesionais e axentes do sector das artes escénicas	30.000	0	45.000	80.000	155.000
Total	502.000	763.000	1.051.000	1.426.000	3.742.000

Eixe 3: Potenciar e promover as industrias vinculadas ás artes escénicas en Galicia

	2008	2009	2010	2011	Total
Liña 1 Potenciar e consolidar a capacidade produtiva das empresas de artes escénicas	1.588.000	2.159.000	2.639.000	3.109.000	9.495.000
Liña 2 Apoiar os procesos de modernización das empresas e de mellora da xestión, con especial atención ás novas tecnoloxías	129.000	157.000	193.000	208.000	687.000
Liña 3 Mellorar a situación laboral dos profesionais das artes escénicas	25.000	30.000	35.000	40.000	130.000
Liña 4 Promover a vertebración do sector, apoiando o asociacionismo profesional, a cooperación entre os axentes produtivos e o diálogo coa Administración	107.000	277.000	182.500	192.500	759.000
Total	1.849.000	2.623.000	3.049.500	3.549.500	11.071.000

Eixe 4: Consolidar o mercado das artes escénicas

	2008	2009	2010	2011	Total
Liña 1 Consolidar e coordinar as programacións de artes escénicas das entidades públicas e privadas	4.372.000	4.682.000	4.997.000	5.404.000	19.455.000
Liña 2 Aumentar a extensión e profundidade dos consumos culturais	628.000	678.000	718.000	788.000	2.812.000
Liña 3 Promover a eficiencia e transparencia dos mercados profesionais das artes escénicas	171.000	189.000	204.000	221.000	785.000
Total	5.171.000	5.549.000	5.919.000	6.413.000	23.052.000

Eixe 5: Promover a internacionalización das artes escénicas galegas

	2008	2009	2010	2011	Total
Liña 1 Promover a presenza exterior das artes escénicas, como expresión da cultura e identidade galegas	2.690.000	2.935.000	3.252.000	3.552.000	12.429.000
Liña 2 Apoiar a presenza do sector escénico nos mercados exteriores	282.000	340.000	420.000	500.000	1.542.000
Liña 3 Apoiar os procesos de colaboración entre empresas galegas e do resto do Estado e internacionais	40.000	160.000	190.000	240.000	630.000
Total	3.012.000	3.435.000	3.862.000	4.292.000	14.601.000





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

